

## 1. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>As Instrucións do 27 de abril de 2020 (<i>criterios de avaliación de Educación Infantil</i>) establecen en Educación Infantil a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo, e será <b>global, continua e formativa</b>. Debe servir para detectar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado e analizar os seus progresos e dificultades, así como as súas aprendizaxes.</p> <p>No contexto actual, ademais da necesaria coordinación <b>entre os profesionais, resulta imprescindible reforzar a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumnos e alumnas</b> como partícipes directos no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos e fillas.</p> <p>Os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumno ou alumna e á <b>consecución dos obxectivos da etapa</b>.</p> <p>Tendo en conta isto, o traballo do terceiro trimestre centrarase na <b>consolidación dos mínimos traballados e no afondamento daqueles que foron impartidos de maneira presencial</b>. Este traballo terá sempre presentes as diferentes posibilidades horarias, tecnolóxicas e de apoio do alumnado.</p> <p>En base a isto, estableceranse os seguintes indicadores de logro para a avaliación deste terceiro trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- O/a alumno/a participa nas propostas plantexadas dentro das súas posibilidades.</li><li>- O/a alumno/a consolidou aqueles contidos xa traballados previamente.</li></ul>
	<p>Instrumentos:</p> <p>A metodoloxía en educación infantil será activa e globalizadora, na que o neno/a partindo das experiencias e coñecementos previos aprenda facendo (aprendizaxes significativas).</p> <p>Úsanse diferentes medios de comunicación; teléfono, correo electrónico, abalar, páxina web,...</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Seguindo o recollido nas Instrucións do 27 de abril de 2020, partiremos das seguintes premisas:</p> <p>A continuidade do proceso de promoción á Educación Primaria non poderá verse prexudicada pola situación de actividade non presencial, en ningún caso, agás para o alumnado con necesidades educativas especiais para o que se considere moi conveniente a permanencia un ano máis nesta etapa, sempre previo informe do departamento de orientación e o acordo dos proxenitores.</p> <p>En base ao marco legal que regula a avaliación na nosa comunidade educativa establecemos os seguintes <b>criterios</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- A <u>nota base</u> do alumnado será a resultante dos resultados obtidos durante o primeiro e segundo trimestre.</li><li>- En base aos criterios de cualificación establecidos o alumnado poderá mellorar a cualificación se o docente considera que o rendemento é positivo.</li><li>- Sempre se terán en conta as posibilidades e circunstancias de cada un</li></ul>

	<p>dos alumnos e alumnas.</p> <p>- As cualificacións seguirán os criterios que se establezan no XADE para estas circunstancias.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Non procede.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación: Procedemento ordinario segundo os resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliación.
	Criterios de cualificación: Procedemento ordinario segundo os resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliación.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Procedemento ordinario segundo os resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliación.